

CEIP FRIONS



PLAN CONVIVENCIA

## **INDICE**

- 1.- Introducción
- 2.- Observatorio de convivencia do centro:
  - Composición
  - Funcións
  - Funcionamento e plan de reunións
- 3.- Contextualización e avaliación inicial
  - Análise conceptual
  - Análise da situación actual nos diferentes contextos
  - Accións levadas a cabo
  - Necesidades que se presentan
- 4.- Plan de actuación
  - Obxectivos
  - Actuacións que se levarán a cabo.
  - Temporalización e recursos
- 5.- Seguimento e avaliación

### Propostas bibliográficas

### Anexos do Plan de Convivencia:

- 1.- MODELOS DE ENQUISAS PARA OS DISTINTOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA: PROFESORADO, PAIS, ALUMNADO.
  - 1.1. MODELO DE CUESTIONARIO PARA FAMILIAS SOBRE CONVIVENCIA ESCOLAR
  - 1.2. MODELO DE CUESTIONARIO PARA ALUMNADO SOBRE CONVIVENCIA ESCOLAR
  - 1.3. MODELO DE CUESTIONARIO PARA MESTRES/AS
  - 1.4. MODELO DE CUESTIONARIO SOBRE HABILIDADES SOCIAIS
  - 1.5.- MODELO DE CUESTIONARIO PARA ELABORACIÓN DO SOCIOGRAMA
- 2.- ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA AULA.
  - 2.1. ASPECTOS A TRATAR OS PRIMEIROS DIAS.
  - 2.2. PAUTAS PARA AS NORMAS DE AULA.
- 3.- PROTOCOLO ANTE CONDUCTAS DISRUPTIVAS NA AULA
- 4.- ESTABLECEMENTO DE NORMAS E REGULACIÓN DE CONFLICTOS
- 5.- MODELO DE BOLETÍN INFORMATIVO ÁS FAMILIAS A PRINCIPIO DE CURSO
- 6.- MODELO DE BOLETÍN INFORMATIVO PARA O PROFESORADO PRINCIPIO CURSO.
- 7.- MODELO DE PARTE DE INCIDENCIAS NA AULA/COLE
- 8.- PROTOCOLO DE ACTUACIÓN UNHA VEZ DETECTADO UN CASO DE ACOSO ESCOLAR

## 1. -INTRODUCCIÓN:

Un dos desafíos ao que nos enfrontamos dadas as características da sociedade actual, é o de **Aprender a Convivir**, como unha das finalidades básicas da educación, co fin de que a nosa sociedade sexa cada vez máis xusta, democrática, solidaria, igualitaria, cohesionada e pacífica.

**Educar para a Convivencia** supón educar nos afectos para previr a violencia. No ámbito educativo empregamos o termo problemas de convivencia cando aparecen conflitos nas relacións interpersoais, cando non se respectan as normas, cando existen agresións físicas ou verbais, etc... Pero, que diferenza existe entre **problemas de convivencia** e **problemas de violencia**? En ámbolos dous casos existen conflitos de intereses, a diferenza estriba en que nos problemas de convivencia as veces un mesmo rapaz gaña ou perde, mentras que nos de violencia, os que gañan ou perden sempre son os mesmos.

Pois ben, o obxectivo deste **Plan de Convivencia**, con carácter xeral, é aumentar a banda das boas relacións e diminuír a das malas relacións, a través de medidas de tipo preventivo para o fomento das primeiras e de tipo paliativo ou de resolución para as segundas.

O noso **Plan de Convivencia** persegue como fin último a educación en valores democráticos, de convivencia pacífica, o fomento da tolerancia e a educación para a paz. A nosa escola debe educar para a convivencia, onde a educación en valores constituirá un elemento de peso no currículo da etapa de Educación Primaria,

Entendemos o centro educativo como unha **unidade de convivencia** *que se configura a partires da coexistencia e a articulación de varios grupos humanos básicos:*


- **Profesorado**
- **Alumnado** como eixo sobre o que xira toda a actividade educativa que se constitúe como un sistema social diferenciado.
- **As familias** coas que se establecen diferentes tipos de relación e que son fundamentais para as que a adquisición de condutas e actitudes sociais axeitadas é imprescindible.
- **A sociedade** en xeral que coas súas actitudes, coa presenza dos medios de comunicación social..., vai incidindo de forma significativa na configuración de actitudes e valores.

Cando esta **unidade de convivencia** está configurada dende un bo entendemento entre os valores educativos que propón o centro, os que desenvolve a familia e os que están presentes na sociedade, entón os nenos-as atoparán coherentes e asumibles as normas ás que deben someterse.

## 2. -OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA DO CENTRO (Regulado polo Decreto 85/2007, do 12 de Abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego de Convivencia Escolar).

Trátase dun órgano colexiado creado para reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia no centro, propoñer e, de selo caso, deseñar as estratexias a adoptar para o fomento da cultura da paz e para mellorar o clima da convivencia escolar.

### 2.1. -COMPOSICIÓN



Para o curso 2009-10, no Consello Escolar do 30 de setembro de 2009, acórdase que o Observatorio de Convivencia quede constituído polos seguintes compoñentes:

- A directora do centro: M<sup>a</sup> Carmen Montero Chacón, como presidenta.
- A xefa de Estudos: Concha Diéguez Freijido,
- Orientadora do centro: M<sup>a</sup> Dolores Juiz López, como dinamizadora.
- Representante dos pais e nais: M<sup>a</sup> Carmen Somoza Serantes.
- Dous representantes do profesorado: M<sup>a</sup> Cristina Fernández Treus e M<sup>a</sup> Angeles Fuentes Manteiga,
- Representante do Persoal non docente: Jose Romero Miguéns,
- A persoa do Consello Escolar do Centro que desempeña as funcións de desenvolver programas e iniciativas de coeducación: Cristina Paris Padilla,
- Profesionais dos Servizos Sociais do Concello: M<sup>a</sup> Pilar García Sampedro,
- Tamén poderán formar parte os titores/as relacionados co tema a tratar en cada sesión.

Tódolos membros serán elixidos por cada un dos sectores de entre os seus representantes no Consello Escolar.

## **2.2. -FUNCIÓNS**

As funcións do Observatorio da convivencia, contempladas nesta Orde, son:

- Participar na dinamización do Plan de Convivencia do Centro.
- Elaborar un informe anual sobre a análise da Convivencia no centro e conflictividade (que será trasladado ao Observatorio de Convivencia Escolar a nivel Provincial).
- Informar trimestralmente ao Consello Escolar.
- Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionados coa mellora do clima de convivencia.
- Propoñerlle á Administración educativa as medidas oportunas para mellorar a convivencia escolar no noso centro.

## **2.3. -FUNCIONAMENTO E PLAN DE REUNIÓN**

No decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio galego da Convivencia Escolar, reflíctese no seu artigo 7 que *os centros educativo no seo do consello escolar constituirán un Observatorio da Convivencia Escolar, que funcionará en Pleno.....manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.*

As reunións faránse previa convocatoria da directora e con 48 horas mínimo de antelación, salvo caso urxente, convocaránse preferiblemente os finalizar cada trimestre. Nestas reunións, entre outras cuestións, revisaránse as actuacións levadas a cabo para beneficiar a consecución dos obxectivos do plan. Asimesmo, convocarase reunión sempre que o pidan por escrito e con orde do día 1/3 dos componentes.

Das mencionadas reunións levantarase acta. Para tal fin, a directora nomeará como secretario/a da mesma un/unha dos mestres/as membros do observatorio con menor idade.

## **3. -CONTEXUALIZACIÓN E AVALIACIÓN INICIAL:**

### **3.1. -ANÁLISE CONCEPTUAL**

O centro educativo configúrase como unha rede de relación, unha estrutura composta por costumes, normas, hábitos e valores que encadran esas relacións: relacións entre o profesorado e alumnado, entre o alumnado, entre o profesorado, con outros grupos sociais, coa familia, coa administración educativa ou ca sociedade en xeral.

Neste marco de relación, que non son estrictamente académicas, xurden problemas que traspasan os límites do que son as leccións que imparte. Problemas sociais, afectivos e emocionais entrecruzanse na vida diaria dos centros e das aulas.

A consecuencia destes problemas sociais, afectivos ou emocionais transformanse en condutas que non sempre dende a escola entendemos como tales: agresividade, conflito e violencia, e que consideramos preciso diferenciar claramente cada un destes termos:

O **conflito** nace da confluencia de intereses ou da intersección de dúas posicións fronte a unha necesidade, unha situación, un obxecto ou unha intención.

A **agresividade** pode cursar cando se da unha situación de confrontación entre dous protagonistas. Pode ser o resultado dun conflito. Xurde cando fallan os instrumentos mediadores cos que hai que enfrontarse ao mesmo.

Falamos de **violencia**, cando unha situación de conflito na que se usan procedementos belicosos, nos que un dos contrincantes non xoga honestamente e non emprega con prudencia as súas armas, senón que abusa do seu poder, loitando por destruír ou danar ao contrario. Resumindo, violencia é o uso prepotente e oportunista do poder sobre o contrario, sen estar lexitimado para elo.

### **3.2. -ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL NOS DIFERENTES CONTEXTOS.**

Para ver como se percibe a convivencia no noso centro e poder así determinar as medidas axeitadas que permitan mellorar aqueles aspectos debilitados, realizouse un análise dos tres ámbitos fundamentais da comunidade educativa. Por un lado o alumnado do de Ed. Infantil e Primaria e por outra banda as familias e o profesorado:

- **alumnado** que acude ao centro procede das zonas de influencia do colexio, e doutras zonas ata cubrir as prazas existentes (temos unha escolarización intermitente tamén de alumnado estranxeiro). Algúns destes alumnos, presentan problemas de integración social, aínda que os casos de discriminación racial non se dan.
- Respecto do **profesorado** deste centro, dicir que moitos son docentes con praza en propiedade e destino definitivo (9 con distinto grado de antigüidade), aínda que nunha gran parte chegaron este curso académico. A disposición por parte do profesorado en xeral, é moi aberta e positiva coa intención de colaborar e coordinarse (cedendo para elo parte do seu tempo libre para reunións de coordinación, para elaboracións de distintos Plans, para Grupos de Traballo,...), a pesar das dificultades horarias que plantexa na propia organización do centro.
- A participación das **familias** na vida escolar realizase a través dos órganos de goberno e de forma representativa no Consello Escolar. Existe ANPA o que pode reflectir o interese de participación, e que oferta diversas actividades extraescolares ademais de xestionar o comedor escolar. No referente ás cuestións de tipo académico dos seus fillos/as, a participación é grupal, coas reunións trimestrais de curso/ciclo e individual por medio das titorías, para temas persoais máis concretos.

De tódolos xeitos, de considerar oportuno unha valoración da percepción que temos da CONVIVENCIA no noso centro máis axustada a realidade nun momento puntual, engádense no anexo final deste Plan, un modelo de enquisas para cada un dos tres ámbitos fundamentais, para establecer en función dos resultados das mesmas as medidas máis axeitadas para dar resposta as necesidades que existan nese momento.

### **3.4. -ACCIÓNS LEVADAS A CABO:**

Ata o momento da elaboración deste Plan de Convivencia as accións levadas a cabo na resolución de conflitos tiveron un carácter puntual, atendendo aos criterios do RRI (Regulamento de Réxime Interno), e aplicando cando foi preciso.

Realizaronse as seguintes actividades:

-Elaboración do Plan De Acción Titorial.

-Algunha implementación a nivel titorial mediante técnicas de modificación de conducta, de dinámica de grupo, análise e autoconñecemento da propia aula, protocolos de actuación ante condutas

disruptivas, programa de habilidades sociais..., entre outras, cando xurdía algún conflito ou algunha situación de desvantaxe nas relacións sociais do devandito grupo.

Desta maneira levaronse a cabo algunhas actuacións individuais que contribuíron ao desenvolvemento da boa convivencia do centro.

### **3.5. -NECESIDADES QUE SE PRESENTAN.**

O profesorado en xeral, fai unha valoración positiva do clima de convivencia no centro e non se observan problemas graves na convivencia diaria entre os membros da comunidade educativa (alumnado, pais/nais, profesorado). Pero considera que hai que mellorar a relación entre o profesorado e o alumnado, así como desenvolver melloras na relación profesorado-familia e buscar cómo reducir os conflitos que xorden entre o alumnado no cotiá.

Os pais de alumn@s, a través das reunións periódicas cos titores e a través dos órganos de participación, coinciden en que as relacións coa comunidade educativa son fluidas e abertas, aínda que hai que mellorar a participación e seguemento na resolución de conflitos. Os conflitos que se dan con maior frecuencia, según a perspectiva dalgúns pais/nais, son interromper as clases e a indisciplina, as agresións verbais entre o alumnado, e o vandalismo ou deterioro das cousas, con menor frecuencia.

O alumnado amosa bo clima de convivencia en xeral, salvo casos puntuais de problemas comportamentais con compañeiros ou co profesorado.

### **4. -PLAN DE ACTUACIÓN:**


Unha vez analizada a situación actual da convivencia no noso centro as actuacións sobre as que versará este Plan de Convivencia céntranse fundamentalmente na PREVENCIÓN, pero tamén na INTERVENCIÓN propiamente dita cando xurden os conflitos. Partindo deste plantexamento estableceremos a continuación o Plan de Actuación a través dos obxectivos que nos propoñamos, acción que se levarán a cabo, Protocolos de intervención, temporalización e recursos que se empregarán.

#### **4.1.-OBXECTIVOS:**

- Manter o clima de seguridade, respecto e confianza que existe no centro, aprendendo a diferenciar ambientes seguros dos que non o son, impulsando relacións fluidas e respetuosas entre os diferentes sectores da Comunidade Educativa.
- Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas daquilo que demanden en relación á estimulación dos seus fill@s, da promoción da súa autonomía, dos valores a considerar, do relacionado coa colaboración familia-escola.
- Fomentar a reflexión e o diálogo como factor favorecedor da PREVENCIÓN e RESOLUCIÓN de conflitos en todas as actuacións educativas, dende a participación democrática.
- Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado, desenvolvendo accións que favorezan a adaptación ao novo centro.
- Previr situacións de violencia ou agresividade entre os membros da Comunidade Educativa e fomentar actuacións que contribúan á formación integral e emocional de cara á solución dialogada dos conflitos.
- Incidir na Educación en Valores para a Paz, e a Educación Cívica e Moral (Autoestima, Solidariedade, Tolerancia, Cooperación...) coa finalidade de formar na toma de decisións e na participación razoada e responsable.
- Coñecer e aplicar as estratexias de resolución Pacífica de conflitos, así como coñecer e valorar as características do grupo de alumn@s para producir a resposta adecuada.
- Aplicar axeitadamente as normas de convivencia establecidas, tendo sempre en conta os dereitos e deberes establecidos para todos no RRI, coas correccións oportunas derivadas do incumprimento dos mesmos.

#### 4.2.-ACTUACIONES QUE SE LEVARAN A CABO:

Como ben dixemos anteriormente as actuacións centraranse en dous ámbitos fundamentais: PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN. As actuacións reflíctense no cadro que segue:





## LIÑA 1: ESPAZOS E TEMPOS PARA A CONVIVENCIA: TITORÍAS E CLIMA DE CLASE POSITIVO= AULAS EMOCIONALMENTE INTELIXENTES.

O mantemento dun clima de clase positivo é un requisito previo e necesario para previr os problemas de convivencia escolar que poidan xurdir. Este clima positivo basearase nos seguintes aspectos:

Axuda entre compañeiros.

Colaboración nas tarefas de aprendizaxe.

Respecto mutuo

Diálogo como base para a resolución de problemas.

Actitude tolerante ante os compañeir@s.

Tolerancia a perder.

Manter actitudes de solidariedade e axuda

Todo o anterior se pode conquistar cando se dan unha serie de premisas fundamentais:

- A participación do alumnado na elaboración das normas da propia aula e do centro escolar en xeral, sempre respectando os dereitos e deberes establecidos no RRI do centro (Anexo: Pautas para a elaboración das normas de aula, incluído no PAT).
- A existencia dunha boa organización da aula e do centro cunhas normas claras e un coñecemento detallado das consecuencias que tería o incumprimento de ditas normas Anexo: Decálogo de convivencia no centro, elaborado desde o GT).
- Mellorando o coñecemento interpersoal d@s alumn@s ( Programa de educación emocional e resolución de conflitos, en fase de elaboración para o próximo curso).
- Fomentando as boas relacións interpersoais a nivel de aula: alumn@-alumn@ e mestre-alumn@, dende a base do respecto mutuo as diferenzas e as distintas capacidades ou limitacións (Anexo: Cuestionario de Habilidades Sociais e Sociograma, e ver Programa de Habilidades Sociais )
- Búsqueda de espazos e tempos para a convivencia, permitíndonos establecer vínculos de compañeirismo, diálogo, cooperación... primando as relacións informais (compartir o café, conversas na sala de profesores, participación nas comidas e nas festas...).
- Búsqueda de espazos e tempos para a convivencia entre o alumnado, especialmente mediante as actividades complementarias e extraescolares, as sesións de titoría, os tempos de recreo, as conmemoracións das distintas efemérides.....

En definitiva, **potenciar un clima escolar positivo** que permita unha convivencia baseada en principios democráticos ,de respecto e tolerancia, no marco da Declaración Universal de Dereitos Humanos, por riba de crenzas e valores persoais.

Enténdemos que a convivencia pacífica non é aquela na que non existen conflitos, senón aquela na que os conflitos se resolven de maneira non violenta. Para iso, **debemos chegar a un compromiso sobre o coñecemento exhaustivo das normas que rixen a vida do noso centro, as consecuencias polo seu incumprimento, a colaboración de todos e todas nas distintas tarefas educativas, curriculares e complementarias, na participación, na organización e na xestión do centro e, de maneira inequívoca, no rexeitamento a calquera manifestación de violencia.**

Fomentaremos unha metodoloxía participativa, xa que favorece en primeiro lugar a motivación d@s nen@s. Se fomentamos o desenvolvemento de emocións positivas estaremos xerando n@ nen@ condutas positivas, xa que entendemos que as condutas negativas d@ nen@ son produto de emocións negativas e dunha motivación escasa.

Para favorecer ou levar a cabo esta metodoloxía participativa é preciso entender o traballo cooperativo como unha metodoloxía participativa propiciando a amizade entre @s compañeir@s. As técnicas de dinámica de grupos e a análise de situación conflitivas e a búsqueda de solución entre tod@s axudan a previr posteriores conflitos.

## **LIÑA 2: POTENCIACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL: PAT e PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN-PREVENCIÓN.**

Un dos mellores pilares básicos para unha convivencia axeitada no centro é o bo funcionamento da acción titorial, Como potenciala?

- Compromiso de exercer a titoría individual e de grupo, dentro da función docente, dirixida a todos e cada un dos alumnos, principalmente para atender ao alumnado con necesidades educativas específicas. Lembremos que a función titorial é inherente á función docente, co cal tódolos profesores somos titores.
- Potenciar a figura do profesor titor como mediador das relacións alumno-alumno, alumno-profesor, centro - familia.....
- Necesidade de mellorar a coordinación titor-equipo docente, titor-profesorado de apoio, titor-orientador/a- equipo directivo.
- Revisar o *Plan de Acción Titorial*, introducindo de xeito anual os cambios oportunos, despois da reflexión trimestral na CCP do grao de consecución das actividades recollidas no plan e as propostas de mellora, adaptadas ás necesidades do alumnado pero tamén do profesorado( Ver Programas de Acollida, actividades de principio de curso: avaliación inicial, revisión de expedientes, preparación comezo de curso, Programación Xeral Anual,...)
- Implementación dos *Programas de Intervención* por parte dos titores/as de cada ciclo e nivel, en colaboración co Departamento de Orientación, e que estarán incardinados e desenvolvidos no citado *Plan de Acción Titorial*, e que son os que se reflicten no punto anteriormente exposto .
- Un eixe central da titoría será o material do Grupo de Traballo " Convivencia escolar: resolución de conflitos na aula ", formado neste curso por profesorado do centro, para traballar e elaborar material en col da convivencia no centro.

## **LIÑA 3: IMPLICACIÓN DE TODOS OS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA: FORMACIÓN DO PROFESORADO, ORIENTACIÓN FAMILIAR, ATENCIÓN Á DIVERSIDADE, COORDINACIÓN COS SERVIZOS DO ENTORNO.**

Unha convivencia axeitada no centro é o reflexo da mesma en moitos outros contextos nos que @s nen@s se desenvolven. Por iso, unha implicación clara de todos os sectores da Comunidade Educativa que contribúa á formación de nen@s cuns valores axeitados, con habilidades sociais desenvolvidas, cun axeitado autoconcepto e autoestima, e que sepan resolver os conflitos mediante a reflexión e o diálogo, favorecerá a convivencia pacífica e democrática no noso centro, que non é posible coa soa implicación do profesorado na formación destes hábitos. Polo mesmo, é necesario:

- Implicación das familias na Convivencia, especialmente a través da colaboración coas asociacións de pais e nais, tendo en conta que unha representante dos pais forma parte do Observatorio de Convivencia.

- Colaboración do Departamento de Orientación na Orientación Familiar, como un **instrumento de asesoramento e formación sistemático e accesible ás familias**, con actuacións como:
  - Colaboración na acollida inicial ás familias (ben de xeito grupal na reunión de principio de curso, ben individual na acollida de 3 anos e de novas escolarizacións).
  - Asesoramento individualizado ás familias sempre que o soliciten.
  - Mediación familia-escola.
  - Apoio nas entrevistas familia-titores/as, PTs e AL.
  - Ciclo trimestral de charlas, "Encontros Educativos", a modo de asesoramento grupal e colquio coas familias interesadas (partindo de que hai unhas necesidades de formación comúns a moitos contextos familiares).
  - Reunións periódicas cos Servizos Sociais do Concello, a través da representante que tamén forma parte do Observatorio da Convivencia, nos casos de desamparo, negligencia e malos tratos no entorno familiar, así como cando existan casos máis graves de absentismo (Ver modelo de Protocolo de actuación nos casos de absentismo).
- Formación continuada do profesorado, a través de cursos, grupos de traballo, seminarios e outras experiencias de innovación educativa que enriquezan o seu xeito de afrontar a convivencia pacífica no contexto educativo.
- Coordinación nas actuacións levadas a cabo dentro de cada grupo clase, por parte de titores/as, PTs e AL, dentro da atención á diversidade, tendo en conta os criterios establecidos desde o Departamento de Orientación e que quedarán reflexados no Plan de Atención á Diversidade (en fase de elaboración), e informando trimestralmente ao consello escolar da situación de convivencia no centro.
- Implicación de distintos sectores do profesorado na elaboración de dito plan (membros da CCP, membros do GT e outro profesorado interesado), mediante reunións periódicas o último martes de cada mes.

#### **LIÑA 4: APLICACIÓN DO R.R.I.**

Para correxir aquelas condutas contrarias á convivencia pacífica e democrática no centro, aplicaranse as consecuencias derivadas do non cumprimento das mesmas establecidas no RRI do centro.

Información, ao alumnado e ás familias, ao comezo de curso sobre a vida no centro, especialmente dos principais aspectos que figuran no RRI (Anexo: boletíns informativos para pais e titores sobre normas de funcionamento, calendario, horarios, coidado das instalacións,....)

#### **LIÑA 5: ESPAZO DE CONVIVENCIA**

É un espazo físico para a reflexión, revelándose como unha alternativa á expulsión de aula ou do centro e configurándose como unha resposta pacífica e resolutive aos conflitos. Básicamente cumpre dúas funcións:

1.- atender ao alumnado que non pode permañecer na súa aula por se ver envolto nun conflito (con compañeiros ou profesorado), feito que se reflexará no parte de incidencias (Anexo: molelo parte de incidencias)

2.- derivar a persoa ou problema a outra instancia resolutive de conflito do centro, (enténdese pois que se esgotaron outras medidas máis ordinarias e que se seguiría un protocolo de actuación. Anexo: protocolo de actuación ante conductas disruptivas).

Este/s alumno/os estaría/n atendido/s un número de horas a determinar polo titor/a, previa información á xefatura de estudos, según a disposición horaria do profesorado e dos membros do equipo directivo e de orientación, nun espazo adecuado.

Propónse cubrir un parte de incidencias relatando o sucedido, por parte do profesor que estea na clase, para informar á xefatura de estudos e que o alumno/os realicen unha tarefa, en ese espazo e tempo, ben a determinar polo seu titor ou profesor/a implicado, baixo a supervisión doutro profesor/a, coa finalidade de que rompa a súa conducta disruptiva, ou ben unha actividade de reflexión (tipo fichas, sacadas dos cuadernillos de valores para o seu curso, ver bibliografía) antes de continuar coa tarefa que traía da súa aula.

#### **LIÑA 6: MEDIACIÓN**

No caso de que xurda algún conflito, a actuación máis axeitada tal e como se ven dicindo ao longo do desenvolvemento deste Plan de Convivencia é a resolución a través do diálogo, concretado isto no que na actualidade se coñece como ***Mediación***.

A mediación é entendida como un servizo educativo que intervéñen nos conflitos axudando a que as partes implicadas cheguen elas mesmas a un acordo. Este método parte dunha concepción positiva do conflito como feito inherente á condición humana, que non necesariamente ten que desembocar na violencia.

Un mediador é unha terceira persoa imparcial coa que se intenta que as posicións distantes dos implicados cheguen a un acordo satisfactorio. Como centro de primaria que somos, esta figura será un adulto, e como o orientador/a do centro actúa como dinamizador da convivencia será o primeiro candidato a exercer como tal ante un conflito entre calqueira membro da comunidade educativa, de non atoparse disponible ao requeri-lo, será o/a profesor/a que esté libre nese momento.

Os **obxectivos** da mediación son fundamentalmente:

- contribuir á mellora das relacións interpersoais.
- previr a violencia.
- promover que ambas partes implicadas comprendan o conflito de forma global, e non soamente dende a súa perspectiva.
- fomentar o respecto entre os membros da Comunidade Educativa.
- potenciar o compromiso ante a resolución de conflitos e darlle protagonismos ás partes implicadas.
- contribuir ó fomento de vínculos máis democráticos no centro.

O proceso da mediación está rexido por unha serie de **principios**, tales como que é un acto cooperativo, en vez de competitivo; está orientado cara ó futuro e non cara ó pasado; é voluntario; o mediador debe ser neutral e imparcial, así como garantir a confidencialidade; e por último non é ameazante nin punitivo: o mediador non toma decisións, nin acusa nin xulga (favorece a comunicación entre as partes en conflito e ánimaas para que propoñan solucións e cheguen a un acordo).

#### **LIÑA 7: A CONSTRUCCIÓN DUNHA AXEITADA COMPETENCIA EMOCIONAL**

A formación dunha axeitada competencia emocional constitúe un dos pilares básicos para a formación integral d@s nen@s da sociedade actual na que o fracaso escolar, a pouca motivación cara o estudo e a falta de interese ou de valor polo esforzo persoal e pola obtención de logros. Por isto, é necesario crear situación novas, favorecer estímulos e traballar o desenvolvemento integral d@s nen@s, tendo en conta tanto o campo intelectual como emocional.

O período de 6-12 anos constitúe un momento crucial para o desenvolvemento da personalidade, e os aspectos emocionais xogan un papel esencial na vida e constitúen a base para a formación da personalidade. Unha axeitada competencia emocional reduce considerablemente a aparición de conflitos, e solucionar un conflito cando xorde dunha forma construtiva e non destrutiva.

Os pilares básicos, que un titor/a debe desenvolver para que os alumnos adquiran unha competencia emocional, son os que seguen:

- Conciencia emocional: Coñecer un pouco máis a un mesmo, implica tomar conciencia das propias emocións e sentimentos e tamén conciencia das emocións dos demais.
- Regulación emocional: Como a capacidade para regular os impulsos, canalizar as emocións desagradables, tolerar a frustración e saber esperar as gratificacións. Empregar estratexias de autorregulación emocional ( diálogo interno, relaxación, reestructuración cognitiva...).
- Autonomía personal: A autonomía personal implica a adquisición dunha axeitada autoestima e autoconcepto de sí mesmo, unha actitude positiva ante calquera situación dende a responsabilidade como factor inherente a todo o anteriormente citado. A imaxe que un ten de sí mesmo é un paso necesario para o desenvolvemento da autoestima. Por iso se inicia o proceso de aprendizaxe a través do autoconcepto para chegar a unha adecuada conformación da autoestima. É preciso, polo tanto:
  - Adquirir a noción de identidade e coñecemento dun mesmo
  - Manifestación de sentimentos positivos cara un mesmo e confianza nas súas propias posibilidades.
  - Valoración positiva das propias capacidades e limitacións.
  - Estilos de conduta e autoestima.
  - Adquisición da confianza nun mesmo.
- Intelixencia interpersonal, que se basea en: dominio de habilidades sociais básicas, respecto aos demais, comunicación receptiva e expresiva e compartir emocións.
- Habilidades de benestar e de vida: tratándose fundamentalmente de adquirir habilidades para afrontar situacións de conflito, recursos que toda persona debería dominar para superar as crises e conflitos que ao longo da vida poidan ir xurdindo. Entre estas habilidades estarían:
  - Habilidades de organización do tempo, do traballo e das tarefas cotiás.
  - Capacidade de escoita activa
  - Desenvolvemento personal e social
  - Habilidades na vida familiar , escolar e social.
  - Actitude positiva ante a vida.
  - Valoración do esforzó.
  - Características personales.

Para o vindeiro curso, o departamento de Orientación, ten previsto a elaboración dun Programa de Educación Emocional e Resolución de conflitos, en colaboración cos titores/as para a súa implementación.

### LIÑA 8: A ORIENTACIÓN INDIVIDUALIZADA

A intervención individualizada da orientadora, no tratamento de alumnos/as con problemas escolares de base emocional, e a posible orientación familiar, son cruciais para conseguir avances a nivel académico. Se ben esta intervención non sempre é posible, destacar a súa efectividade e sería o verdadeiro sentido da orientación nun centro.

#### 4.3. - TEMPORALIZACIÓN E RECURSOS:

O presente Plan de Convivencia elaborase para desenvolverse ao longo dun curso académico, concretando anualmente as actividades a realizar e levándose a cabo tendo en conta as necesidades que se detecten ao longo do mesmo.

Os **recursos humanos** serán fundamentalmente todo o profesorado do centro, xa que as accións que no mesmo se enmarcan son competencia de todo o equipo docente, pero non só destes senón de toda a Comunidade Educativa. O dinamizador de dito plan de Convivencia será o Orientador do Centro e o Observatorio actuará como elemento indispensable de cumprir a función de velar polo bo clima de convivencia no centro.

En canto aos **recursos materiais** dispoñibles no centro, citaremos os seguintes como base para o desenvolvemento axeitado do mesmo: (revisar e engadir material adquirido)

"Relacionarnos bien" de Manuel Segura. Ed.S. XXI.

Educación socioemocional en la etapa de primaria de Anna Carpena. Ed. Octaedro

Diseño y evaluación de programas de educación emocional de Manuel Álvarez Gonzalez. Ed. Praxis.

Educación emocional y lenguaje en la escuela de Josepa Gómez. Ed. Octaedro.

Acoso escolar: procedimientos de intervención de Ángel R. Calvo. Ed. EOS.

El cerebro se cambia a si mismo de Norman Doigde,. Ed. Aguilar

Inteligencia emocional para la convivencia escolar de Antonio Vallés. Ed EOS

"Educación Emocional". Programa para Educación Primaria (6-12 años). Ed. Wolters Kluwer (pendente de adquisición)

Manual de tutoría y orientación en la diversidad de Joan Riart. Ed Pirámide.

"La Convivencia Escolar: qué es y como abordarla". Programa de Prevención del Maltrato entre compañeros y compañeras. Consejería de Educación y Ciencia. Junta de Andalucía. Rosario Ortega y colaboradores (ver on-line)

"Maltrato entre iguales"- Non fagas caso do Maltrato. Programa de Sensibilización familia, alumnado e profesorado. Xunta de Galicia.

Outros materiais que poden ser de utilidade para o traballo na aula:

Kit- caixavalores. Fundación La Caixa.( Identidade- Convivencia- Responsabilidade), disponible no CFR da zona.

Programa Sentir y Pensar. (para EI)

Programa de educación en valores: Mi mundo y yo (para EP, cuadernillos de 1º a 6º)

(engadir bibliografía de GT e contos sobre valores)

### **5.-SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.**

Dentro das estratexias e procedementos para realizar a difusión, o seguemento e a avaliación do plan, propónse:

□ A nivel profesorado:

- a) A comezos de cada curso escolar, en sesión de claustro, informarase, sobre todo ao profesorado de nova incorporación, dos pormenores deste Plan de Convivencia.
- b) A través das reunións da comisión de coordinación pedagóxica, farase un seguemento trimestral do plan, a fin de: análise dos problemas que xurdan e a súa resolución, posta en común de metodoloxía axeitada, avaliación do Plan de Convivencia e propostas de mellora. Do mesmo xeito o/a xefe/a de estudos, nestas reunións da comisión, informará das incidencias que houbo ao longo do trimestre e das medidas tomadas ao respecto. O resultado destas reunións farase extensivo á reunión trimestral do Observatorio de Convivencia.

□ A nivel pais/nais do alumnado:

- a) Na reunión titorial de comezos de cada curso escolar, cada mestre/a titor/a informará, por escrito, aos pais/nais das normas de convivencia do centro. A tal fin, redactarase un breve resumo das mesmas, desde a dirección do centro, e seralle entregado aos pais/nais do alumnado, (ver modelo)
- b) Ao matricularse un/unha novo/a alumno/a, faráselle entrega aos pais e titores legais do mesmo do citado resumo das normas de convivencia do centro e aclararáselle as actuacións contempladas neste Plan de Convivencia.

□ A nivel do Observatorio da Convivencia:

- a) Farase un seguimento do plan unha vez ao trimestre. Ao final de cada curso académico realizarase unha concreción da avaliación trimestral por parte do Observatorio de Convivencia do Centro, en base aos datos aportados desde á CCP e informarase tamén trimestralmente ao Consello Escolar da situación da convivencia no centro, incorporando un informe sobre a convivencia á Memoria Anual de cada curso. Este informe será trasladado ao Observatorio da Convivencia Escolar, a nivel provincial (D 85/2007). Para iso pódese empregar o seguinte cadro en base os datos aportados:

1=REMATADO 2=EN PROCESO 3=EN INICIO

ACTUACIÓN	RESPONSABLES	RECURSOS	GRAO DE CONSECUCIÓN			OBSERVACIÓNS
			1	2	3	

### **PROPOSTA DE BIBLIOGRAFIA**

A lista de libros de Ed. EMocional é:

-Guía de Mediación escolar. Ed. Octaedro.

-¡Tú si que vales!- ed. Graó

-Las relaciones sociales en la infancia y en la adolescencia y sus problemas. Ed. Pirámide.

-Trabajamos los valores en Primaria.

-La tutoría en Ed. Primaria. ED. Ciss- Praxis.

-Educar para ser feliz.

#### **AUTOESTIMA**

Carlón, N. *Me gusta como soy*. Madrid: Ed. Espasa-Calpe

Heres, K. *Crisantemos*. León: Ed. Everest

Leaf, M. *Ferdinando el toro*. Salamanca: Ed. Lógez Ediciones

#### **EMPATÍA**

Casalderrey, F. *Alas de mosca para Ángel*. Madrid: Ed. Anaya

#### **FRUSTRACIÓN**

Fine, A. *Billy y el vestido rosa*. Madrid: Ed. Alfaguara

#### **MIEDO**

Alcántara, M. *Gustavo y los miedos*. Ed. SM

Cooper, H. *Hay un oso en el cuarto oscuro*. Barcelona: Ed. Joventut

Giff, P. *Días sombríos*. Cerdanyola del Vallés: Ed. Toray

#### **MUERTE**

Mundy, Michaelene (2001). *Cuando estoy triste. Ante la pérdida de un ser querido*. Madrid: Ed. San Pablo

Kübler-Ross, Elisabeth. (1991). *Carta para un niño con cáncer*. Barcelona: Ed. Luciérnaga

Kübler-Ross, Elisabeth. (1993) *Recuerda el secreto*. Barcelona: Ed. Luciérnaga

#### **OPTIMISMO**

Fine, A. *Álvaro a su aire*. Madrid: Ed. Alfaguara

#### **RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS**

Keselman, G. *Nadie quiere jugar conmigo*. Madrid: Ed. SM

Mackee, D. *Dos monstruos*. Madrid: Espasa Calpe

Muñoz, V. *Oscar y el león de correos*. Madrid: Ed. anaya

Zoller, E. *¿Y si me defiendo?* Barcelona: Ed. Edebé

Vriens, J. *Tenéis que hacer las paces*. Barcelona: Ed. Edebé

#### **SEPARACIÓN**

Watson, Jane W. (1988). *A veces una familia tiene que separarse*. Madrid: Ed. Montena

#### **VERGUENZA**

Wells, R. *Carlos el tímido*. Ed. Austral infantil

#### **OTROS**

De Baum, H. *¿Está la abuelita en el cielo? Cómo tratar la muerte y la tristeza.*

*¡Con ése no quiero jugar! Cómo tratar el rechazo y la discriminación.*

*¡No he dicho ninguna mentira! Cómo tratar la mentira y la verdad.*

*¡Estoy furioso! Cómo tratar la cólera y la agresividad.*

*¡Mamá siempre me está molestando! Cómo tratar los celos y las peleas entre hermanos.*

*¡Lo quiero ahora! Cómo tratar la impaciencia, la frustración y las rabietas.*

*¡No apagues la luz! Cómo tratar el miedo y la inseguridad.*

*¡Sentado me aburro! Cómo tratar la hiperactividad y la falta de atención.*

Pohulanik, Abel. *Cuentos mágicos para comprender tus emociones*

Recoméndase también a colección de contos sobre *Los Sentimientos* da Editorial Molino.



